

Hai poucos meses botaba a andar **OINK!**, a revista en papel do *Xabarán Club*, un proxecto de ocio orientado a nenas e nenos de seis a quince anos; trátase dunha revista de contido multidisciplinar (banda deseñada, reportaxes sobre arte, ciencia, deportes, actualidade...), soñada e deseñada integramente en galego por un equipo de xente nova, e na que colaboran algúns dos mellores ilustradores de toda Galicia.

Porén, a pesar da calidade artística e do deseño atractivo do proxecto, chégannos novas de que a revista **Oink!** pasa por dificultades económicas que lle impiden manterse no mercado; e iso a pesar de que se ofertaba a un prezo razoable, que non debería asustar as familias, nin sequera nestes tempos de crise.

O exemplo da revista **Oink**, como o de tantos outros proxectos culturais e artísticos que xorden en Galicia desde o ámbito da industria cultural, representa un síntoma moi evidente de que, cando falamos de apoiar os sectores produtivos do noso país, case sempre se nos enche a boca de boas palabras, aínda que logo os feitos desmintan o noso compromiso real con aquelas empresas que dan o paso de ofertar produtos de ocio que non desmerecen en nada aos que se deseñan noutros países.

E, desde a CGENDL, preguntamos en voz alta se as nosas nenas e nenos non merecen que exista unha revista de actualidade que lles ofrezca unha visión do mundo amena e divertida, e co valor engadido de usar a nosa lingua.

Pero, se cadra, isto é moito pedir para os tempos que corren.



A que idade  
teñen que  
empezar a ler  
os nenos/as?

Móbil, familia  
e escola

As reválidas



# CADENCIAS

Gracia Santorum

## Para ler (e contemplar)

*A pantasma da Casa da Matanza.* Poesía ou conto rimado de Miro Villar con ilustracións de Xosé Cobas publicada pola editorial Biblos. Unha homenaxe do autor á nosa maior poeta Rosalía de Castro que nos fala dunha vagamunda lectora que vive nas sombras da casa e que é fonte de inspiración para a mesma Rosalía; un poema arredor doutro poema, unha sombra arredor doutra sombra. Imposible non engaiolarse co conxunto que amosa este libro de texto e ilustración, en perfecta harmonía e delicadeza que namoraría á mesma Rosalía.



## Para xogar...



*Sopra neste furadiño.* Publicado por Edicións Embora, un álbum que é un verdadeiro xogo delicioso para contar aos máis peques e que eles interaccionen co libro. Os autores desta creación son Antón Cortizas e Leandro Lamas, que conseguen con este libro troquelado traer rimas divertidas, breves, que convidan a achegarse ao burato e non parar de soprar. Cun sopro no furado do libro podemos volver todo branco, facer voar un elefante, mover un muíño... a maxia poderosa nos nosos beizos.

## Para escoitar

*Toc, toc.* Publica a editorial Galaxia este libro-disco de Pablo Díaz con ilustracións de Nuria Díaz: a rapazallada pode cantar e bailar, mentres goza coas alegres ilustracións de Nuria. Por aquí pasa o Apalpador, pero tamén Pedro Chosco, porque cada nova canción, cada páxina, constitúe unha sorpresa que ben pode ser unha abordaxe pirata. Ritmos atractivos que mesturan rock e muiñeira, pop e pandeirada que lembraremos con facilidade e que axudan a formar unha memoria de noso optimista e alegre.



Non esquezas poñer o teu Facebook, Twitter ou Whatsapp en galego. Fai visible a nosa lingua!



SAMSUNG  
12:45 PM

Menu 1:33 PM

Non sabes que facer para comer ou cear? Neste blog poderás atopar *Receitas para todos os días* <http://ir.gl/b91fc>.

Xa está en marcha o *Cantalingua 2014*. Se tes unha banda ou es solista, grava a túa peza en MP3 e envíaa antes do 1 de abril. Toda a información en <http://ir.gl/e336ae>.



O informe PISA di que o nivel de lectura en castelán dos nenos/as galegos/as está por riba da media, e o de Catalunya, Navarra e Euskadi tamén. Onde está o problema de ter lingua propia?

SAMSUNG

Non deixes de visitar a web infantil da CRTVG. Xogos, música, debuxos animados... e moito máis en [www.crtvg.es/infantil](http://www.crtvg.es/infantil).

CRTVG

Eroski aposta polo galego en Consumer, a súa revista impresa. Podes consultala en PDF en <http://ir.gl/69a011>.


Revista editada pola CGENDL  
[www.coordinadoraendl.org](http://www.coordinadoraendl.org)  
[ollosdeaula@gmail.com](mailto:ollosdeaula@gmail.com)  
Deseño-maquetación:tallerDD.com

# Palabras do ensino

Líneas Salgado

## {REVÁLIDAS}

Finalmente, o BOE do 10 de decembro de 2013 publicou a nova lei de educación, a LOMCE, coñecida tamén como Lei Wert. Unha das novidades máis importantes que introduce esta lei é a realización de reválidas, é dicir, de probas de avaliación aos estudantes creadas por empresas externas aos centros educativos. Aínda están por determinar moitas cuestións, como que se vai preguntar nesas probas, ou quen os vai corrixi. Pero desde logo a dúbida máis importante que



teño é se coas reválidas non estaremos encorsetando o ensino, de xeito que a actividade nas aulas se converta nunha preparación exclusiva para obter bos resultados nas probas. Unha especie de ampliación do antigo COU, do actual 2º de BAC, no que só se fan exames tipo selectividade, e os temarios xa se preparan en función das preguntas previstas. Unha educación gobernada polos resultados nunhas probas de nivel dirixidas por empresas privadas, algo que tamén me fai ter grandes dúbidas sobre a súa obxectividade. Desde logo, se algo “revalidan as reválidas” é que os problemas de verdade da nosa educación seguen sen resolverse.

# A pregunta

A que idade teñen que empezar a ler os nenos/as?




Responde: M<sup>a</sup> Montserrat Castro Rodríguez

[Profesora da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña]

A resposta é doada e conflitiva: depende. Ler é un proceso moito máis complexo que aprender a identificar unhas palabras escritas e dicilas oralmente. Esixe ter acadado unha madurez en moi distintos e complexos aspectos, polo que cada persoa debe aprender cando estea preparada, coas capacidades e competencias necesarias.

Temos que ter claro tamén que a escolarización, cada vez máis prematura, non debe significar adiantar o obxectivo da lectura... Á escola vaise a aprender moitas outras cousas que, directa ou indirectamente, inflúen no proceso lectoescriptor... Para ler ben, hai que aprender a expresarse ben: con vocabulario, con distintos ritmos e énfase...; hai que saber escoitar; hai que aprender a interactuar cos demais para comprendelos e facernos comprender. Tamén favorece moito a aprendizaxe da lectura articular adecuadamente cada verba; sen esquecer aspectos tan básicos como observar, distinguir, simular, crear, innovar, etc.

Sempre está ben mirar que fan outros/as; se analizamos o tan omnipresente Informe Pisa, comprobábase que os resultados no noso caso son bastante positivos, se se analizan correctamente, claro está. Pero tamén se observa como aqueles países con mellores resultados se inician no proceso da lectoescritura a partir dos seis anos... Lembremos: antes non quere dicir mellor, e imaxino que o que se trata é de facelo sempre mellor.



O uso do móbil é unha das preocupacións máis estendida nas familias e na escola. O profesor José Raposeiras resúmenos neste artigo as principais conclusións e propostas dun estudo ao respecto.

## Novos retos da pedagogía O teléfono móbil no contexto escolar e familiar

José Raposeiras Correa

[Catedrático de Ensino Secundario e Doutor pola Universidade de Vigo. Equipo de Orientación Específico de Pontevedra]

Debido ás preocupacións que o teléfono móbil estaba xerando nos centros escolares, así como sobre o seu uso/abuso por parte dos adolescentes, considerouse oportuno abordar unha investigación ao respecto, coa que se chegou a unha serie de CONCLUSIÓN. Entre elas, están as que seguen:

- A maioría das familias manifestaron non controlar as chamadas nin as mensaxes de texto que fan ou reciben os seus fillos/as.
- Ao profesorado e ás familias párecelles que, coa chegada da telefonía móbil aos colexios e institutos, se van incrementando pouco a pouco os problemas de convivencia.
- A meirande parte dos docentes cre que con este aparato se fomentan persoas consumistas.
- A sensación de inquietude, se non hai resposta ás chamadas ou aos SMS, é algo común entre os adolescentes. As familias que participaron na investigación teñen a mesma opinión.
- Máis da metade do alumnado enquisado recoñece que co uso do celular gastan máis da conta.
- Familias e profesorado son conscientes do abuso na utilización do móbil por parte dos adolescentes.
- O grao de dependencia do estudantado é tal que unha gran parte asegura que dorme co teléfono conectado e unha porcentaxe significativa afirma



que está sempre pendente del.

- Ás familias e ao profesorado párecelles que este medio invita ao acoso e á intimidación entre algúns alumnos e alumnas.
- Unha parte considerable do profesorado que colaborou no estudo afirma que o móbil produce certo “autismo tecnolóxico”, debido á falta de comunicación/interacción entre familias e fillos/as.

Todo isto parece suxerirnos que **a prevención de patoloxías se debería centrar fundamentalmente na educación**, limitando razoablemente o tempo da súa utilización e evitando a circulación por móbil de contidos inadecuados para a saúde persoal e social. O aparato telefónico non é malo en si mesmo, aínda que **é necesario ensinar a utilizalo correctamente**. A modo de reflexión, e para as comunidades educativas, fanse as seguintes

PROPOSTAS:

- Percíbese a necesidade de elaborar un programa concreto de **información/formación tridimensional**, como medida de carácter preventivo para o alumnado. As actuacións e

pautas deste plan levaríanse a cabo no contexto educativo e familiar, coordinadas a través da **acción tutorial e orientadora**.

- Pensamos que o factor económico debe ser tido moi en conta. As familias teñen o deber de **controlar o diñeiro dos seus fillos/as, ademais de ensinalles a autoxestionarse**.
- Párecenos que para fomentar o uso responsable do móbil entre a mocidade habería que establecer uns **límites horarios ou monetarios**.
- Consideramos que sería necesario inculcarlles aos adolescentes, e aos mozos/as, en xeral, un **coñecemento do mundo real sobre o mundo virtual**.

Cómpre estar repensando continuamente, innovando e adaptándonos aos recursos tecnolóxicos que se nos poidan presentar, por exemplo a actual etapa do “guatsapeo”.

- Precisamos **educar para a utilización destas pantallas audiovisuais**, para evitar ser vítimas de delitos telemáticos, para a **prevención dos posibles riscos** (usuarios compulsivos, ciberacoso, contidos pornográficos, falsos perfís, vidas virtuais, ter moitos “amigos/as” sen coñecer a ninguén...).